



Expediente	Sesión do Pleno do Concello de 19.10.2015	REF. 12/2015
Trámite	Decreto de convocatoria	

Vista a relación de asuntos concluídos presentada pola Secretaría Xeral do Pleno, así como o tratado na sesión da Xunta de Portavoces desta mesma data.

Considerando, respecto da solicitude de celebración das sesións plenarias nun día distinto aos luns, e segundo se tratou na referida sesión da Xunta de Portavoces, que non resulta factible para o actual mes, xa que:

- por unha banda, existe algún concelleiro que se vería imposibilitado para acudir neste xoves, ao ter organizado o seu calendario en atención á data xa aprobada polo Pleno, e sendo o xoves o día que, na Xunta de Portavoces, os distintos representantes dos grupos propuxeron como o día que lles conviría.

- e por outra, xa que o cambio tan inmediato suporía problemas respecto da programación xa concertada do Teatro principal.

Esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

**Primeiro.-**

Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión que terá lugar o día .10.2015, no Teatro Principal, ás **11:00 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

**Segundo.-**

Fixar a seguinte orde do día:

A) Aprobación da acta da sesión anterior.

1. Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 22.09.2015.

B) Parte resolutiva:

2. RÉXIME INTERIOR: Aprobación da modificación do réxime xurídico aplicable aos anticipos regulados no art. 67 do III Acordo Regulador e no art. 73 do III Convenio Colectivo, e da modificación das contías de determinadas retribucións complementarias.

3. ORDENACIÓN DO TERRITORIO: Ratificación de acordo da Xunta de Goberno Local de requirimento previo de anulación da Orde ministerial de 24.07.2015 de declaración de caducidade parcial de concesión sita na marisma de Lourizán, Pontevedra, cuxo titular é a empresa ENCE, S.A.

4. Proposición do grupo municipal de Ma.Po instando á Xunta de Goberno Local a reclamar á Cámara de Comercio a devolución das subvencións outorgadas para as feiras Ferpalia e Pomóvil e, no seu caso, a persoarse nos procedementos xudiciais que se seguen contra a institución cameral.

5. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a creación dunha partida económica para complementar o plan de emprego da Deputación Provincial de Pontevedra.

6. Proposición do grupo municipal do PP instando ao goberno municipal á renuncia da actualización dos valores catastrais ou á redución do coeficiente aplicado no noso concello.

7. Proposición do grupo municipal de Ma.Po instando ao goberno municipal a elaborar os pregos técnicos e administrativos dun concurso publico para adxudicar a realización dunha auditoría externa das contas do concello dende o ano 2000.

8. Proposición do grupo municipal do BNG sobre denominación de parque "Amalia Álvarez" a unha parcela situada na Unidade de Actuación 18.

9. Proposición do grupo municipal do BNG sobre a organización, en 2016, dunha homenaxe ás vítimas da represión franquista.

10. Proposición de acordo do grupo municipal Marea Pontevedra respecto da institucionalización da homenaxe municipal a Alexandre Bóveda a partir do ano 2016.

11. Proposición do grupo municipal do PP instando ao goberno municipal á creación dunha escola de música municipal e a solicitar subvención á Deputación Provincial para potenciar a música.

12. Proposición do grupo municipal do PP e C's relacionada coa organización dos actos de homenaxe ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

13. Proposición do grupo municipal de Ma.Po solicitando que se incremente a partida orzamentaria e o número de prazas das bolsas de comedor e se inste á Xunta de Galicia a que cumpra as obrigas recollidas no decreto que regula os comedores escolares.

14. Proposición do grupo municipal de Ma.Po instando a que Pontevedra se declare Concello oposto ao acordo transatlántico de comercio e investimento.

15. Proposición do grupo municipal do PP sobre a creación de un sistema telemático para as inscricións nas escolas deportivas municipais.

16. Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao apoio a compostaxe como método de tratamento dos residuos e a instalación dunha planta de tratamento de residuos orgánicos nun polígono industrial.

C) Mocións urxentes.

D) Control e seguimento do Goberno Local:

17. Toma de coñecemento de Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 de Pontevedra tendo por desistido no PO 86/2014 ao recorrente (grupo municipal do PP).

18. Coñecemento de resolucións e decretos.

19. Preguntas.

- Preguntas formuladas polo grupo municipal Marea Pontevedra en relación ao denominado parque forestal periurbano A Fracha.

20. Rogos.

**Terceiro.-** Comunicar aos Srs. concelleiros que, a efectos de consulta dos expedientes, estes quedarán no rexistro xeral o sábado día 17, baixo responsabilidade do funcionario encargado dito día.

**Cuarto.-** Dar traslado da presente:

- Aos Srs. Concelleiros membros e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.

- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.

- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de editos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

Pontevedra, 15.10.2015.

A Alcadesa Accidental

O secretario xeral do pleno

María Carmen da Silva Méndez

José Luis Mato Rodríguez